



## BANDO DA ALCALDÍA

**DON RAMIRO VARELA PEÓN,  
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA,  
FAGO SABER:**

No DOGA do pasado 30 de setembro de 2014, se publica o

*DECRETO 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a  
venta directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.*

O obxecto deste decreto é **regular en Galicia a venda directa de produtos primarios** polos/as produtores/as á persoa consumidora final ou a establecementos de comercio polo miúdo para o abastecemento ao/a consumidor/a final. O presente decreto ten tamén por obxecto crear no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) unha sección destinada á **inscrición das explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI).**

Regúlase deste xeito a venda a título oneroso ou ben gratuito realizada directamente polo produtor ao consumidor ou a un comercio de polo miúdo. Tanto venda in situ (na propia explotación), como en mercados, feiras etc...

**Para poder comerciar ditos produtos deberán comunicalo a Xunta de Galicia** para que os inscriba no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) na sección que se crea e denominado **sección de explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI).**

Cantidades Máximas autorizadas  
en venda directa por produtos e  
ano

| Produto        | Unidade                        | Cantidade        |
|----------------|--------------------------------|------------------|
| Mel            | kg                             | 3.000            |
| Pole           | kg                             | 450              |
| Própole        | kg                             | 30               |
| Xelea real     | kg                             | 10               |
| Ovos           | Ducias                         | 1.000            |
| Amorodo        | kg exterior<br>kg invernadoiro | 5.000<br>10.000  |
| Kiwi           | kg exterior                    | 13.000           |
| Outras froitas | kg exterior                    | 20.000           |
| Hortalizas     | kg exterior<br>kg invernadoiro | 20.000<br>40.000 |
| Legumes        | kg exterior<br>kg invernadoiro | 10.000<br>24.000 |
| Pataca         | kg exterior                    | 20.000           |
| Cogomelos      | kg exterior<br>kg invernadoiro | 500<br>2.500     |
| Cereais        | kg                             | 5.000            |

O manda e asina o Sr Alcalde de Agolada a 30 de Setembro de 2014.



O Alcalde